

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

6649 *Real decreto 577/2017, do 12 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de destinos do persoal militar profesional aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

No capítulo VI da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establécense as normas xerais do sistema de asignación de destinos para o persoal militar profesional e resérvase o seu desenvolvemento á aprobación dun regulamento específico. Consecuentemente, mediante a promulgación do Real decreto 456/2011, do 1 de abril, entrou en vigor o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, que actualmente rexe o sistema de asignación de destinos.

A aprobación da Lei 46/2015, do 14 de outubro, pola que se modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, introduciu novos supostos de asignación de destinos por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, así como aos militares que sexan considerados vítimas do terrorismo. Estes novos supostos aconsellan a modificación do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, así como o desenvolvemento normativo para a súa regulación.

Para a asignación temporal de destinos por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, establécense as limitacións temporais máximas e mínimas para a súa concesión, circunscríbese unicamente a un termo municipal onde existan postos vacantes e límitase a unha vez por unha mesma causa. Tamén establece un procedemento para a súa instrución, mediante a creación dunha comisión de estudo que analizará caso a caso as circunstancias que concorran no militar ou nos seus familiares.

Conforme o previsto na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, introdúcese un novo artigo que trata de xeito exclusivo a asignación de destinos tras o recoñecemento, se é o caso, da condición de vítima do terrorismo. Esta protección faise extensiva aos militares cónxuxes e fillos, e ademais dáselle o mesmo tratamento ao militar ameazado ou coaccionado por organizacións terroristas. Ademais, protéxense as vítimas evitando que estes actos administrativos poidan ser identificados como unha forma especial de mobilidade e, consecuentemente, estes destinos asignaranse mediante resolución comunicada sen publicación previa da vacante.

Por outra parte, a modificación da lei tamén recolleu o dereito do militar vítima de acoso, abuso ou agresión sexuais a solicitar unha comisión de servizo en distinta unidade ou localidade daquela en que aconteceron os feitos, que require a actualización do regulamento neste aspecto.

Ademais, o II Plan de igualdade entre mulleres e homes na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos, aprobado polo Consello de Ministros con data do 20 de novembro de 2015, inclúe elaborar un procedemento en materia de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero. Aínda que no Regulamento de destinos do persoal militar profesional xa se encontraba considerado un procedemento específico para este suposto, grazas á experiencia acumulada desde a súa aprobación, inclúense novas medidas de protección ás vítimas, como é o dereito de retorno á unidade de orixe, e mellóranse os procedementos xa establecidos.

O 26 de outubro de 2015, a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados, de conformidade co previsto no número 2 da disposición derradeira décimo primeira da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, emitiu o seu ditame respecto do informe anual de 2014 do Observatorio da Vida Militar, no cal se recomenda o estudo de novas medidas co obxecto de facilitar a conciliación da vida profesional, persoal e familiar, principalmente encamiñadas a mellorar o tempo de

incorporación aos novos destinos e á posibilidade de realizar cambios de destino condicionados ao do cónxuxe ou parella de feito.

Finalmente, a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, establece que será requisito para o acceso e exercicio das profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexuais, así como por tráfico de seres humanos. Para estes efectos, introdúcese no Regulamento de destinos de persoal militar profesional as normas regulamentarias necesarias que aseguren a protección do menor fronte a este tipo de condutas.

Durante a súa tramitación, sobre o proxecto deste real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

O Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril, queda modificado do seguinte xeito:

Un. Modifícase o número 5 e engádesse un número 6 ao artigo 7, que queda redactado como segue:

«5. Cando non estea expresamente limitado na relación de postos militares, un militar poderá solicitar unha vacante asignada ao emprego inmediato superior se cumpre as seguintes condicións:

a) Que ao emprego inmediato superior ascenda polo sistema de elección e que o petionario fose avaliado para o ascenso e obtivese un posto na ordenación definitiva para o ascenso igual ou inferior ao número de vacantes previstas no correspondente ciclo de ascensos.

b) Que ao emprego inmediato superior ascenda polo sistema de clasificación e que o petionario fose avaliado para o ascenso, declarado apto e obtivese un posto na orde de clasificación igual ou inferior ao número de vacantes previstas no correspondente ciclo de ascensos.

c) Que ao emprego inmediato superior ascenda polo sistema de concurso ou concurso-oposición e que o petionario superase o proceso selectivo correspondente.

d) Que ao emprego inmediato superior ascenda polo sistema de antigüidade e que o petionario fose avaliado e declarado apto.

6. Os membros dun matrimonio ou parella de feito entre militares que soliciten vacantes anunciadas por unha mesma autoridade, dentro da mesma provincia e nas cales se solapan os prazos de admisión das solicitudes das vacantes, poderán condicionar as súas peticións ao feito de que ambos os dous obteñan destino na mesma provincia, en caso de non obter destino ningún deles, entenderase desistida a solicitude de vacante. Os militares que se acollan a esta circunstancia deberán facelo constar previamente nas solicitudes das vacantes.

Esta solicitude condicionada poderá ser realizada para vacantes distintas ás correspondentes aos xefes de unidade, centro ou organismo e ás que se oferten a quen se incorpore a unha escala ou supere determinados cursos de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional».

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«1. O ministro de Defensa establecerá os criterios para determinar os postos para todos os corpos e escalas que se deben cubrir por este procedemento, tendo en conta os perfís profesionais.

Os destinos daqueles empregos a que se ascenda polo sistema de clasificación cubriranse, con carácter xeral, polo sistema de concurso de méritos».

Tres. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Asignación de destinos en ausencia de peticionarios con carácter voluntario.*

1. Considérase que se dá a circunstancia de «ausencia de peticionarios con carácter voluntario» cando, unha vez asignados os destinos con carácter voluntario, non queden peticionarios desta clase para cubrir unha vacante.

Os destinos que se deban asignar en ausencia de peticionarios con carácter voluntario serán polos seguintes procedementos:

a) Destinos de libre designación. As vacantes de libre designación asignaranse entre os que reúnan as condicións profesionais e persoais de idoneidade necesarias.

b) Destinos de concurso de méritos e de provisión por antigüidade. As vacantes de concurso de méritos e de provisión por antigüidade asignaranse entre os que se encontren nas seguintes circunstancias e pola orde seguinte:

1.º Que as solicitasen con carácter anuente: destinarase a quen corresponda conforme o disposto no artigo 8, números 3 e 4.

2.º Pendentes de asignación de destino: destinarase o que leve máis tempo sen destino e, en igualdade de tempo, o de menor antigüidade.

3.º Destinados nun posto que figure para amortizar na correspondente relación de postos militares ou nun posto cuxos requisitos non coincidan co seu corpo, escala, especialidade fundamental ou emprego, como consecuencia da disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade: destinarase o de menor antigüidade. Para aplicar este parágrafo terase en conta o que se estableza en cumprimento do disposto no artigo 14.4.

4.º Destinados con data de cesamento no seu destino actual anterior á data de cobertura da vacante anunciada: destinarase o que vaia cesar en primeiro lugar e, en igualdade de data de cesamento, o de menor antigüidade.

5.º Destinados en posto sen exigencia de titulación a posto con exigencia de titulación: destinarase o que menos tempo exercese a titulación correspondente e, en igualdade de tempo, o de menor antigüidade.

6.º Destinados en vacante do seu propio emprego e que, sendo do emprego inferior ao correspondente á vacante publicada, tivesen ocasión de solicitala conforme o disposto no artigo 7.5; destinarase o de menor antigüidade.

c) Tamén poderán ser destinados con carácter forzoso os militares aos cales se lles outorguen as vacantes recollidas no artigo 6.9.b), calquera que sexa a súa forma de asignación.

2. Os membros dun matrimonio ou parella de feito entre militares con fillos menores de doce anos ao seu cargo destinados na mesma provincia non poderán ser destinados con carácter forzoso a unha provincia diferente.

Esta exención non será aplicable ás vacantes correspondentes a xefes de unidade, centro ou organismo e ás que se oferten a quen se incorpore a unha escala ou supere determinados cursos de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional, nin ao persoal que se encontre na situación de servizo activo pendente de asignación de destino.

A exención terá efectos a partir da data en que ambos os dous militares certifiquen documentalmente esta situación familiar ante o mando ou xefe de persoal do seu exército ou o director xeral de Persoal, no caso de militares dos corpos comúns das Forzas Armadas. Ambos os dous militares serán responsables de manter actualizada a documentación que acredite a súa situación familiar».

Catro. Modifícase o número 7 e engádesse un número 9 ao artigo 21, coa seguinte redacción:

«7. O militar a que se impuxese a sanción disciplinaria de perda de destino, conforme o disposto no artigo 17 da Lei orgánica 8/2014, do 4 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, non poderá solicitar destino durante dous anos na mesma unidade ou, cando a resolución sancionadora de xeito motivado o exprese, na mesma localidade en que se encontraba destinado».

«9. O militar que fose condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por tráfico de seres humanos, non poderá ocupar destinos que impliquen o contacto habitual con menores. O ministro de Defensa establecerá os criterios xerais para a determinación dos postos afectados por esta circunstancia, para os cales será un requisito necesario de ocupación achegar unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais ou manifestar consentimento expreso para que o mando ou xefe de persoal do seu exército ou o director xeral de Persoal, no caso de militares dos corpos comúns, poida solicitar a certificación de que non constan antecedentes ante o devandito rexistro».

Cinco. Engádense dous números 7 e 8 ao artigo 22, coa seguinte redacción:

«7. O militar que non estea a ocupar un destino de xefe de unidade, centro ou organismo, cuxo cónxuxe ou parella de feito militar fose destinado con carácter forzoso a outra provincia, quedará exento dos prazos de mínima permanencia para solicitar vacantes a esa provincia, sempre que acceda desde outra distinta. Esta exención finalizará coa obtención dun novo destino solicitado con carácter voluntario ou anuente, ou no momento en que non se solicite algunha das vacantes que se anuncien nesa provincia. Os militares que se acollan a esta circunstancia deberán facelo constar na solicitude de vacante.

8. O militar que non estea a ocupar un destino de xefe de unidade, centro ou organismo, cuxo cónxuxe ou parella de feito militar fose destinado con carácter voluntario a outra provincia, quedará exento dos prazos de mínima permanencia para solicitar vacantes a esa provincia por un prazo máximo dun ano desde a asignación do destino ao cónxuxe ou parella de feito, sempre que acceda desde outra distinta. Esta exención finalizará coa obtención dun novo destino solicitado con carácter voluntario ou anuente, ou no momento en que non se solicite algunha das vacantes que se anuncien nesa provincia. Os militares que se acollan a esta circunstancia deberán facelo constar na solicitude de vacante».

Seis. Modifícanse as alíneas b) e c) do número 1 e os números 2 e 3, todos do artigo 24, que quedan redactados do seguinte xeito:

«b) Quince días naturais cando o novo destino se encontre en distinto termo municipal ca o de orixe e non se encontre incluído nas alíneas c) e d) seguintes.

c) Trinta días naturais cando o novo destino e o de orixe dean lugar a traslados entre arquipélagos, entre calquera destes e as cidades de Ceuta ou Melilla, entre a península e calquera dos arquipélagos ou as cidades de Ceuta ou Melilla e entre ambas as dúas».

«2. O prazo de incorporación ao destino comezará a contabilizar a partir da data de cesamento no destino de orixe, que se efectuará, cando non exista unha data previamente establecida, o décimo día hábil contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Ministerio de Defensa*, sen que sexa necesaria ningunha outra notificación.

Cando na asignación dun destino se determine unha data de incorporación, o xefe da unidade de orixe disporá unha data de cesamento en que se respecten os prazos máximos de incorporación establecidos no número 1 e esta notificaráselle persoalmente ao interesado.

3. No caso dos militares pendentes de asignación de destino, para contabilizar os prazos de incorporación, considerarase como destino de orixe a unidade de dependencia ou de adscrición e empezará a contabilizar a partir da data da notificación de asignación do destino, que deberá efectuar o xefe da unidade de dependencia ou de adscrición nun prazo máximo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Ministerio de Defensa*».

Sete. Reordénase a alínea q), que pasa a ser r), e engádese unha nova alínea q) ao artigo 25.4, que queda redactado do seguinte xeito:

- «q) Ter obtido un posto na Administración civil.
- r) Calquera outra causa establecida legal ou regulamentariamente».

Oito. O título da sección 4.^a do capítulo IV queda redactado do seguinte xeito:

«Sección 4.^a *Asignación de postos por circunstancias extraordinarias*»

Nove. Modifícanse os números 1, 2 e 5, renumérase o número 6, que pasa a ser o 7, e engádese un novo número 6 ao artigo 27, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. A militar vítima de violencia de xénero que, para facer efectiva a súa protección, o seu dereito á asistencia social integral ou para recibir asistencia sanitaria especializada, se vexa obrigada a cambiar o seu destino, poderá solicitar a asignación dun posto, de ser posible de análoga categoría, no mesmo termo municipal ou noutro distinto, sen estar suxeita ao cumprimento do tempo mínimo de permanencia no seu destino.

2. A solicitude farase directamente ao mando ou xefe de persoal do seu exército ou ao director xeral de Persoal no caso de militares dos corpos comúns das Forzas Armadas. Esta solicitude irá acompañada dunha copia da acreditación da situación de violencia de xénero, que se realizará por algún dos seguintes medios: sentenza condenatoria, orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a solicitante é vítima de violencia de xénero mentres se dite a orde de protección, resolución xudicial que acordase medidas preventivas penais para a protección da vítima ou certificado/informe acreditativo de atención especializada, expedido por un organismo público competente en materia de violencia de xénero».

«5. O destino asignarase mediante resolución comunicada sen publicación previa da vacante, para os efectos de prazos de mínima permanencia e indemnizacións; o destino terá carácter forzoso e o cesamento no seu anterior destino será inmediato. Estas solicitudes seguirán unha tramitación preferente e urgente.

6. A militar vítima de violencia de xénero terá dereito á reserva do posto de orixe durante os seis primeiros meses desde a asignación do destino. Durante este período poderá solicitar o seu retorno de forma voluntaria, sen estar suxeita aos prazos de permanencia no seu destino.

7. Nas actuacións e nos procedementos relacionados coa violencia de xénero, protexerase a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia».

Dez. Engádesse un artigo 27 bis na sección 4.^a do capítulo IV, coa seguinte redacción:

«Artigo 27 bis. *Asignación temporal de destinos por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar.*

1. O militar que, en aplicación do artigo 101.7 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, solicite a asignación temporal dun destino por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, farao para un termo municipal onde existan vacantes na relación de postos militares do seu exército ou corpo común de pertenza.

2. A solicitude farase directamente ao mando ou xefe de persoal do seu exército ou ao director xeral de Persoal, no caso de militares dos corpos comúns das Forzas Armadas.

3. O afectado poderao solicitar unha única vez sen que medie un cambio substancial nas causas que o orixinaron, agás no caso de que o interesado deba cesar no destino por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade.

4. Para a súa asignación formarase unha comisión de estudo nos mandos ou xefatura de persoal dos exércitos e da Armada, e na Dirección Xeral de Persoal, no caso dos corpos comúns, que analizará as circunstancias excepcionais que concorran no militar, baseadas en motivos de saúde, discapacidade ou dependencia do militar ou dos seus familiares.

5. A asignación destes destinos realizarase con carácter voluntario, sen publicación previa da vacante, por un tempo de máxima permanencia de tres anos, que poderá ser ampliado ata os cinco anos se persistisen as circunstancias que determinaron a súa concesión».

Once. Engádesse un artigo 27 ter na sección 4.^a do capítulo IV, coa seguinte redacción:

«Artigo 27 ter. *Asignación de destinos ás vítimas do terrorismo.*

1. O militar que sexa considerado vítima do terrorismo ou ameazado ou coaccionado por organizacións terroristas, conforme o previsto nos artigos 4 e 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, terá dereito á asignación dun destino no termo municipal da súa elección, cando existan postos vacantes na relación de postos militares do seu exército ou corpo común de pertenza e reúna os requisitos necesarios para a súa ocupación. Igualmente terán o mesmo dereito os cónxuxes ou parellas de feito militares e os fillos militares.

2. As solicitudes tramitaranse directamente ao mando ou xefe de persoal do seu exército ou ao director xeral de Persoal, no caso de militares dos corpos comúns das Forzas Armadas. Estas solicitudes seguirán unha tramitación preferente e urgente.

3. A vítima ou o militar ameazado ou coaccionado en calquera momento poderá solicitar o destino. No caso das vítimas de terrorismo, poderán solicitalo por unha única vez e nun período máximo de cinco anos desde o recoñecemento da súa condición de vítima, salvo que circunstancias obxectivamente xustificadas fixesen aconsellable unha nova asignación ou que o interesado deba cesar no destino por disolución, traslado ou variación orgánica da súa unidade. No caso de persoal ameazado ou coaccionado por organizacións terroristas, poderá solicitalo sen ningunha limitación cando as condicións de seguridade o requiran e sen estar suxeito ao cumprimento do tempo mínimo de permanencia no seu destino.

4. A asignación destes destinos realizarase mediante resolución comunicada, sen publicación previa da vacante e, para os efectos de prazos de mínima permanencia e indemnizacións, o destino terá carácter forzoso. As anotacións dos actos administrativos realizaranse evitando que poida ser identificada unha forma especial de mobilidade ou calquera outro dato do cal se poida deducir a súa situación».

Doce. Engádense catro alíneas, g), h), i) e j), ao artigo 28.2, coa seguinte redacción:

«g) Asignar un posto á vítima de acoso, abuso ou agresión sexuais.

h) Asignar un posto ao presunto infractor de acoso sexual ou por razón de sexo, en distinta unidade ou localidade de destino da vítima.

i) Asignar un posto a vítimas do terrorismo ou a militares ameazados ou coaccionados por organizacións terroristas.

j) Asignar un posto por circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional persoal e familiar».

Disposición transitoria primeira. *Destinos que impliquen o contacto habitual con menores.*

Nun prazo máximo de seis meses, desde a entrada en vigor deste real decreto, o ministro de Defensa establecerá os criterios xerais para determinar os postos afectados polo establecido no artigo 21.9 do Regulamento de destinos de persoal militar profesional, que serán identificados nas relacións de postos militares polas autoridades competentes para a súa aprobación.

Unha vez identificados estes postos, serán comunicados ao persoal que os ocupe, que disporá dun prazo máximo dun mes para achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais ou para manifestar o seu consentimento expreso para que o mando ou xefe de persoal do seu exército ou o director xeral de Persoal, no caso de militares dos corpos comúns, poida solicitar a certificación de que non constan antecedentes ante o devandito rexistro.

Unha vez transcurrido ese prazo dun mes sen mediar a antedita certificación negativa ou o consentimento expreso mencionado, cesará no seu destino.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación de prazos para as vítimas do terrorismo.*

O militar con consideración de vítima do terrorismo recoñecida con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto poderá solicitar a asignación dun destino, conforme o disposto no artigo 27 ter do regulamento que se modifica, nun período máximo de cinco anos desde a entrada en vigor desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA